



MEMORIA XUSTIFICATIVA

CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL DA XUNTA DE GALICIA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, PARA O FUNCIONAMENTO DO CENTRO DE FORMACIÓN PROFESIONAL CALVO SOTELO DURANTE O CURSO ESCOLAR 2020-2021.

ANTECEDENTES

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional asinou, con data 3 de outubro de mil novecientos oitenta e seis, un convenio coa Deputación Provincial da Coruña en virtude do disposto na disposición adicional 7ª do Real decreto 2377/1985, do 18 de decembro (BOE do 27), para que o centro de formación profesional Calvo Sotelo funcionase como centro público en réxime de convenio. Co mesmo obxecto asináronse diversas addendas e convenios ata o curso escolar 2019-2020.

RAZÓNS DE OPORTUNIDADE

É vontade da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional manter o convenio educativo coa deputación provincial para o funcionamento deste centro docente durante o próximo curso escolar 2020-2021, coa finalidade de continuar prestando o servizo público educativo aos alumnos escolarizados nel.

OBXECTIVOS PERSEGUIDOS

O obxectivo que se pretende co presente convenio é o funcionamento do centro público de formación profesional Calvo Sotelo, dependente da Deputación Provincial da Coruña.

Asinado dixitalmente por
José Manuel Pinal Rodríguez
Director xeral de Centros e Recursos Humanos

